Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES**

***SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA VEINTISIETE DE JULIO DE DOS MIL VEINTITRÉS***

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 27 de xullo de 2023. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís:

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 27 de julio 2023. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,** y con la asistencia de los ediles:*

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)**

***GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)***

D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.ª Rosalía López Sánchez
D.ª Judit Fontela Baró
D.ª Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.ª Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

*D. Miguel Lorenzo Torres*
*D. Roberto Rodríguez Martínez*
*D.ª Rosalía López Sánchez*
*D.ª Judit Fontela Baró*
*D.ª Susana Catalán Morcillo*
*D. Gonzalo Mora do Campo*
*D. Carlos San Claudio Yáñez*
*D.ª Carmen María No Varela*
*D. Roberto García Fernández*
*D. Antonio Deus Álvarez*
*D. Roberto Luis Coira Andrade*
*D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

**GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)**

***GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)***

D. José Manuel Lage Tuñas
D.ª Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
Dª. Nereida María Canosa Domínguez
D.ª Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.ª Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.ª Montserrat Paz Romero

*D. José Manuel Lage Tuñas*
*D.ª Eudoxia María Neira Fernández*
*D. Gonzalo Henrique Castro Prado*
*Dª. Nereida María Canosa Domínguez*
*D.ª Noemí Díaz Vázquez*
*D. Manuel José Vázquez Martínez*
*D.ª Diana María Sobral Cabanas*
*D. Juan Ignacio Borrego Vázquez*
*D.ª Montserrat Paz Romero*

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

***GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)***

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas
D.ª Avia Veira González

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas*
*D.ª Avia Veira González*

D.ª María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Ás dez horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

**PARTE RESULUTIVA**

**Intervencións**

**Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas, benvidos á sesión... **(interrómpese o son da megafonía no Salón de Sesións)**.

A ver, un minuto, por favor, perdón.

Agora, si?. Vale, perfecto, grazas.

Ben, agora si. Bo día a todos e a todas, iniciamos este pleno... **(o son da megafonía continúa a fallar)**.

**Ás dez horas e sete minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión coa finalidade de arranxar os fallos do son no Salón de Sesións, retomándose ás dez horas e vinte e catro minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra.**

**Presidencia**

*D.ª María Mercedes Queixas Zas*
*D. David José Soto Díaz*

*se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito* ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

*A las diez horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

***PARTE RESULUTIVA***

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos a la sesión...* ***(se interrumpe el sonido de la megafonía en el Salón de Sesiones).***

*A ver, un minuto, por favor, perdón.*

*Ahora, ¿sí?. Bueno, perfecto, gracias.*

*Bien, ahora sí. Buenos días a todos y a todas, iniciamos este pleno...* ***(el sonido de la megafonía continúa fallando)****.*

***A las diez horas y siete minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión con la finalidad de arreglar los fallos del sonido en el Salón de Sesiones, retomándose a las diez horas y veinticuatro minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra.***

***Presidencia***

Retomamos a sesión, agora si, na súa Parte Resolutiva co Asunto número un. Señor secretario.

*Retomamos la sesión, ahora sí, en su Parte Resolutiva con el Asunto número uno. Señor secretario.*

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.

*Pronunciamiento del Pleno sobre la urgencia de la sesión.*

**ASUNTO 1**

***ASUNTO 1***

**85. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.**

***85. Pronunciamiento del Pleno sobre la urgencia de la sesión.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben. Como xa consta no documento que teñen no Asunto número un, trátase de dous asuntos xa sometidos previamente á Xunta de Goberno Local en data 21 de xullo deste ano, ditaminados na Comisión Informativa de Economía, Facenda e Planificación Urbana e Administración Xeral que non admiten dilación e polo tanto deben ser debatidos e tratados neste pleno ordinario, así que exposta a urxencia da sesión, procedemos á votación da mesma.

*Bien. Como ya consta en el documento que tienen en el Asunto número uno, se trata de dos asuntos ya sometidos previamente a la Junta de Gobierno Local en fecha 21 de julio de este año, dictaminados en la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Planificación Urbana y Administración General que no admiten dilación y por lo tanto deben ser debatidos y tratados en este pleno ordinario, así que expuesta la urgencia de la sesión, procedemos a la votación de la misma.*

**Votación do asunto número un**

***Votación del asunto número uno***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número un relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete la votación el asunto número uno relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) (10 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) (10 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

**Presidencia**

Moitas grazas. Queda aprobado por unanimidade.

**Acordo**

Ratificación polo Pleno da urxencia da sesión.

**Intervencións**

**Presidencia**

Oficina Presupuestaria, asuntos dous e tres.

**Señor Secretario**

Asunto dous: Aprobación inicial do expediente M3/2023, de suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación das Bases de Execución do Orzamento de 2023 (prorrogado do 2022), e vencellado ó anterior, asunto número tres, Modificación do Cadro de persoal do Concello da Coruña, no relativo ao persoal eventual.

**ECONOMÍA, FACENDA, PLANIFICACIÓN URBANA E ADMINISTRACIÓN XERAL**

**Oficina Orzamentaria**

**ASUNTO 2**

**86. Expte. 36E/2023/13. Aprobación inicial do expediente M3/2023, de suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación das Bases de Execución do Orzamento de 2023 (prorrogado do 2022).**

**Recursos Humanos**

**ASUNTO 3**

***Presidencia***

*Muchas gracias. Queda aprobado por unanimidad.*

***Acuerdo***

*Ratificación por el Pleno de la urgencia de la sesión.*

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Oficina Presupuestaria, asuntos dos y tres.*

***Señor Secretario***

*Asunto dos: Aprobación inicial del expediente M3/2023, de suplementos de crédito, bajas por anulación de créditos y modificación de las Bases de Ejecución del Presupuesto de 2023 (prorrogado del 2022), y vinculado al anterior, asunto número tres, Modificación de la Plantilla del Ayuntamiento de A Coruña, en lo relativo al personal eventual.*

***ECONOMÍA, HACIENDA, PLANIFICACIÓN URBANA Y ADMINISTRACIÓN GENERAL***

***Oficina Presupuestaria***

***ASUNTO 2***

***86. Expte. 36Y/2023/13. Aprobación inicial del expediente M3/2023, de suplementos de crédito, bajas por anulación de créditos y modificación de las Bases de Ejecución del Presupuesto de 2023 (prorrogado del 2022).***

***Recursos Humanos***

***ASUNTO 3***

**87. Expte. 108/2023/1316. Modificación do Cadro de persoal do Concello da Coruña, no relativo ao persoal eventual.**

***87. Expte. 108/2023/1316. Modificación de la Plantilla del Ayuntamiento de A Coruña, en lo relativo al personal eventual.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Tal e como se acordou na Comisión que ditaminou os dous asuntos, serán debatidos conxuntamente e votados por separado nunha quenda única de cinco minutos por cada grupo municipal, comezando o debate coa exposición dos asuntos o voceiro do Goberno municipal, señor Lage Tuñas.

*Tal y como se acordó en la Comisión que dictaminó los dos asuntos, serán debatidos conjuntamente y votados por separado en un turno único de cinco minutos por cada grupo municipal, comenzando el debate con la exposición de los asuntos el portavoz del Gobierno municipal, señor Lage Tuñas.*

**Debate conxunto e votación separada dos asuntos números dous e tres relacionados na orde do día.**

***Debate conjunto y votación separada de los asuntos números dos y tres relacionados en el orden del día.***

**Señor Lage Tuñas**

***Señor Lage Tuñas***

Bo día. Grazas señora alcaldesa. Bo día todas e a todos.

*Buenos días. Gracias señora alcaldesa. Buenos días todas y a todos.*

Imos a meternos de cheo neste asunto da orde do día que se debaterá conxuntamente e, polo tanto, entro xa a comentar que as modificacións que se traen hoxe aquí a Pleno teñen que ver substancialmente, aparte de dar conta dunha modificación das Bases de Execución do Orzamento, da base número nove e da base número once, tamén substancialmente do financiamento de recursos para o IMCE. Concretamente, modifícase o estado de gastos do Orzamento 2023, prorrogado do 2022, mediante a concesión de dous suplementos de crédito por importe de 2.230.106,23 €.

*Vamos a meternos de lleno en este asunto del orden del día que se debatirá conjuntamente y, por lo tanto, entro ya a comentar que las modificaciones que se traen hoy aquí a Pleno tienen que ver sustancialmente, aparte de dar cuenta de una modificación de las Bases de Ejecución del Presupuesto, de la base número nueve y de la base número once, también sustancialmente de la financiación de recursos para el IMCE. Concretamente, se modifica el estado de gastos del Presupuesto 2023, prorrogado del 2022, mediante la concesión de dos suplementos de crédito por importe de 2.230.106,23 €.*

A meirande parte da contía é para afrontar os gastos derivados da actividade do IMCE. Estos recursos proceden das baixas sinaladas no expediente e que xa son coñecidas, e tamén do financiamento a través dun millón de euros do

*La mayor parte de la cuantía es para afrontar los gastos derivados de la actividad del IMCE. Estos recursos proceden de las bajas señaladas en el expediente y que ya son conocidas, y también de la financiación a través de un*

remanente líquido de tesourería para gastos xerais, que proceden da liquidación de 2022. Por conseguinte, todas as modificacións propostas non só teñen cabida no marco legal de modificacións de crédito, senón que ademais responden á necesidade de actuar con celeridade para dar cumprimento ós fins fundacionais do Instituto Municipal de Cultura e Espectáculos. Tamén, por que non dicilo, ós compromisos organizativos adquiridos polo conxunto da Corporación municipal despois das eleccións locais celebradas en maio de 2023. Así, se aborda tamén a modificación proposta nas Bases de Execución, e isto todo nos debe de levar a poder ordenar novamente os asuntos do ámbito organizativo.

Creo que é de todos sabido que este goberno municipal leva traballado xa moito tempo, concretamente dende fai catro anos, para conseguir que esta cidade sexa un referente cultural e de ocio no norte de España. Modestamente, coido que ese obxectivo se está a acadar, mais resulta obvio tamén que para ter unha programación cultural e de ocio á altura do que esta cidade merece, é preciso realizar un esforzo inversor importante.

Digo investimento, que non gasto, porque o retorno que ten para a economía da cidade o feito de poder contar cunha programación de primeiro nivel, é tamén algo por todos coñecido. O turismo, a hostalería e o pequeno comercio obteñen durante os meses de verán un importante volume de facturación que sen a celebración de grandes eventos non sería posible. Coido que é importante sacudirse calquera tipo de complexo e comprender que as cidades teñen que investir para manter e mellorar a súa dinamización económica, algo que ó final se traduce tamén na creación de emprego, na

*millón de euros del remanente líquido de tesorería para gastos generales, que proceden de la liquidación de 2022. Por consiguiente, todas las modificaciones propuestas no solo tienen cabida en el marco legal de modificaciones de crédito, sino que además responden a la necesidad de actuar con celeridad para dar cumplimiento a los fines fundacionales del Instituto Municipal de Cultura y Espectáculos. También, por qué no decirlo, a los compromisos organizativos adquiridos por el conjunto de la Corporación municipal después de las elecciones locales celebradas en mayo de 2023. Así, se aborda también la modificación propuesta en las Bases de Ejecución, y esto todo nos debe de llevar a poder ordenar nuevamente los asuntos del ámbito organizativo.*

*Creo que es de todos sabido que este gobierno municipal lleva trabajado ya mucho tiempo, concretamente desde hace cuatro años, para conseguir que esta ciudad sea un referente cultural y de ocio en el norte de España. Modestamente, creo que ese objetivo se está alcanzando, pero resulta obvio también que para tener una programación cultural y de ocio a la altura de lo que esta ciudad merece, es preciso realizar un esfuerzo inversor importante.*

*Digo inversión, que no gasto, porque el retorno que tiene para la economía de la ciudad el hecho de poder contar con una programación de primer nivel, es también algo por todos conocido. El turismo, la hostelería y el pequeño comercio obtienen durante los meses de verano un importante volumen de facturación que sin la celebración de grandes eventos no sería posible. Creo que es importante sacudirse cualquier tipo de complejo y comprender que las ciudades tienen que invertir para mantener y mejorar su dinamización económica, algo que al final se traduce también en la creación de empleo, en la*

xeración de recursos. En definitiva, en conseguir que as cidades melloren, a nosa tamén, e creo que neste sentido podemos compartir, creo que unha visión de conxunto, máis alá das diferencias ideolóxicas que a programación cultural e de ocio é esencial para xerar tamén movemento económico e para atraer a máis persoas a nosa cidade. Creo que é facilmente compartible por todos os grupos máis alá da posición ideolóxica na que se atope cada quen.

*generación de recursos. En definitiva, en conseguir que las ciudades mejoren, la nuestra también, y creo que en este sentido podemos compartir, creo que una visión de conjunto, más allá de las diferencias ideológicas que la programación cultural y de ocio es esencial para generar también movimiento económico y para atraer a más personas a nuestra ciudad. Creo que es fácilmente compartible por todos los grupos más allá de la posición ideológica en la que se encuentre cada quien.*

Teño, en primeiro lugar, que agradecer, como non pode ser doutro xeito, a negociación franca que se estableceu co Bloque Nacionalista Galego, unha negociación rigorosa que permite presentar esta proposta, e tamén agradecer, como non pode ser doutro xeito, ós grupos políticos, unha vez máis, que nas cuestións organizativas que abordamos despois das eleccións municipais, puxeramos por diante, pois facer política con maiúsculas e non caer, digamos, en posicións populistas que non viñan a conto, e desde logo creo que a Corporación municipal amosou un grao de madurez política e de sensatez da que todos debemos de sentirnos orgullosos e ademais creo que estamos dando pasos firmes para combatir, pois esas pequenas situacións que temos vivido. Ó final, digamos, somos anecdóticos dentro dun periplo tan longo nun sistema democrático, pero creo que o noso gran de area o poñemos contribuíndo a normalizar a vida política municipal.

*Tengo, en primer lugar, que agradecer, como no puede ser de otro modo, la negociación franca que se estableció con el Bloque Nacionalista Galego, una negociación rigurosa que permite presentar esta propuesta, y también agradecer, como no puede ser de otro modo, a los grupos políticos, una vez más, que en las cuestiones organizativas que abordamos después de las elecciones municipales, pusiéramos por delante, pues hacer política con mayúsculas y no caer, digamos, en posiciones populistas que no venían a cuento, y desde luego creo que la Corporación municipal mostró un grado de madurez política y de sensatez de la que todos debemos de sentirnos orgullosos y además creo que estamos dando pasos firmes para combatir, pues esas pequeñas situaciones que hemos vivido. Al final, digamos, somos anecdóticos dentro de un periplo tan largo en un sistema democrático, pero creo que nuestro grano de arena lo ponemos contribuyendo a normalizar la vida política municipal.*

Nada máis. O agradecemento a tódolos grupos, tamén, por certo, que non o citei, ó Partido Popular, que sendo un partido que ten unha posición ideolóxica totalmente diferente á do Partido Socialista, pois moitas veces se pode coincidir, e eu creo que é bo poñer por diante sempre os intereses xerais máis alá do regate corto ou de puntualmente

*Nada más. El agradecimiento a todos los grupos, también, por cierto, que no lo cité, al Partido Popular, que siendo un partido que tiene una posición ideológica totalmente diferente a la del Partido Socialista, pues muchas veces se puede coincidir, y yo creo que es bueno poner por delante siempre los intereses generales más allá del regate corto o de*

meterlle o dedo no ollo a quen lle toca gobernar.

*puntualmente meterle el dedo en el ojo a quién le toca gobernar.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Lage.

*Muchas gracias, señor Lage.*

Inicia a quenda de debate polo BNG o señor Jorquera.

*Inicia el turno de debate por el BNG el señor Jorquera.*

**<u>Señor Jorquera Caselas</u>**

***<u>Señor Jorquera Caselas</u>***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

En primeiro lugar quero saudar o público que estea seguindo este pleno a través de *streaming*, o persoal do Concello, as traballadoras e traballadores da prensa e os membros da Corporación.

*En primer lugar quiero saludar al público que esté siguiendo este pleno en directo, al personal del Ayuntamiento, a las trabajadoras y trabajadores de la prensa y a los miembros de la Corporación.*

Anticipo que o Grupo municipal do BNG vai votar a favor dos asuntos que se someten a votación por dúas razóns. A primeira porque a modificación do cadro de persoal do Concello da Coruña no relativo ó persoal eventual, en parte o modificativo dos orzamentos, é consecuencia do acordo de organización subscrito polos tres grupos municipais que tamén tivo a súa plasmación nos acordos organizativos que se aprobaron por unanimidade no Pleno extraordinario celebrado o pasado 29 de xuño.

*Anticipo que el Grupo municipal del BNG va a votar a favor de los asuntos que se someten a votación por dos razones. La primera porque la modificación de la plantilla del Ayuntamiento de A Coruña en lo relativo al personal eventual, en parte el modificativo de los presupuestos, es consecuencia del acuerdo de organización suscrito por los tres grupos municipales que también tuvo su plasmación en los acuerdos organizativos que se aprobaron por unanimidad en el Pleno extraordinario celebrado el pasado 29 de junio.*

Como dixemos naquel pleno, é unha boa noticia que dese acordo participasen os tres grupos municipais porque asuntos que afectan o funcionamento da Corporación é bo que conten co consenso de todos. Loxicamente non temos ningunha obxección a que o Goberno local se dote da estrutura de asesores necesaria, mais o labor da oposición tamén é moi importante, por iso contémplase tamén dotar os grupos municipais dos recursos suficientes para

*Como dijimos en aquel pleno, es una buena noticia que de ese acuerdo participaran los tres grupos municipales porque asuntos que afectan al funcionamiento de la Corporación es bueno que cuenten con el consenso de todos. Lógicamente no tenemos ninguna objeción a que el Gobierno local se dote de la estructura de asesores necesaria, pero la labor de la oposición también es muy importante, por eso se contempla también dotar a los grupos municipales de los recursos*

o exercicio do seu labor.

E imos votar a favor porque coas modificacións orzamentarias contempladas no expediente M3 preténdese tamén que haxa crédito suficiente para a programación das festas e distintos eventos. O BNG, por responsabilidade, non vai empecer que haxa crédito para facer fronte a estes compromisos, pero inda así hai moitos aspectos que merecen a nosa crítica.

Primeiro, é obvio que este modificativo chega tarde. Estamos a fin de xullo, cando as festas están a piques de comezar e o que imos facer é aprobar inicialmente un modificativo que no mellor dos casos tardará aínda máis de dúas semanas en entrar en vigor, cando moitos dos gastos están xa comprometidos. É unha consecuencia da decisión do Goberno municipal no pasado mandato de renunciar a que en 2023 houbese uns novos orzamentos prorrogando os de 2022. É consecuencia tamén dunha falla de previsión orzamentaria. Ter que recorrer a modificativos no verán para pagar as festas estase convertendo nunha práctica sistemática, reveladora, por tanto, dunha falla de previsión, do mesmo xeito que non compartimos en absoluto que no Concello da Coruña se vaia convertendo en normal algo que non debería selo, a práctica do “ti vai facendo”, isto é, comprometer gasto antes de que ese gasto estea aprobado ou deixar facer en eventos que requiren autorización ou incluso subvención municipal antes de que estes teñan os informes favorábeis preceptivos e reúnan todos os requisitos necesarios. Acabamos de velo co festival “Wake up & Dream”, pero algo parecido pode dicirse do “Womex”, por moito que saudemos que A Coruña vaia ser sede deste evento. A alcaldesa anunciou en outubro de 2022 que o “Womex 2023” sería na Coruña e

*suficientes para el ejercicio de su labor.*

*Y vamos a votar a favor porque con las modificaciones presupuestarias contempladas en el expediente M3 se pretende también que haya crédito suficiente para la programación de las fiestas y distintos eventos. El BNG, por responsabilidad, no va empecer que haya crédito para hacer frente a estos compromisos, pero aun así hay muchos aspectos que merecen nuestra crítica.*

*Primero, es obvio que este modificativo llega tarde. Estamos a fin de julio, cuando las fiestas están a punto de comenzar y lo que vamos a hacer es aprobar inicialmente un modificativo que en el mejor de los casos tardará aún más de dos semanas en entrar en vigor, cuando muchos de los gastos están ya comprometidos. Es una consecuencia de la decisión del Gobierno municipal en el pasado mandato de renunciar a que en 2023 hubiera unos nuevos presupuestos prorrogando los de 2022. Es consecuencia también de una falta de previsión presupuestaria. Tener que recurrir a modificativos en verano para pagar las fiestas se está convirtiendo en una práctica sistemática, reveladora, por tanto, de una falta de previsión, al igual que no compartimos en absoluto que en el Ayuntamiento de A Coruña se vaya convirtiendo en normal algo que no debería serlo, la práctica del “tú ve haciendo”, esto es, comprometer gasto antes de que ese gasto esté aprobado o dejar hacer en eventos que requieren autorización o incluso subvención municipal antes de que estos tengan los informes favorables preceptivos y reúnan todos los requisitos necesarios. Acabamos de verlo con el festival “Wake up & Dream”, pero algo parecido puede decirse del “Womex”, por mucho que saludemos que A Coruña vaya ser sede de este evento. La alcaldesa anunció en octubre de 2022 que el “Womex 2023” sería en A Coruña y*

aínda hoxe se somete a aprobación inicial o suplemento de crédito necesario para o seu financiamento.

*aun hoy se somete la aprobación inicial el suplemento de crédito necesario para su financiación.*

Pero tamén queremos facer outras consideracións. Somos moi críticos co acontecido coa "Feira do Libro". Onte mesmo soubemos que o Goberno municipal asumira hai case seis meses o compromiso dun convenio de 50.000 euros coa Federación de Librarías de Galiza e a semana pasada, ás portas de que comece a "Feira do Libro", recibe a notificación de que non haberá tal convenio e de que o Concello só se compromete a asumir gastos menores por un importe total de 15.000, obrigando á Federación a renunciar a parte do seu proxecto e a reorientar a programación. Non entendemos, de verdade, este proceder e consideramos que o sector do libro merece outra consideración e merece moita maior atención, porque cultura é moito máis que promoción, é moito máis que festas, eventos e espectáculos. Por iso lamentamos tamén que estes sigan absorbendo a maioría dos recursos e que na programación das festas haxa moi pouca atención á promoción de artistas e creadores locais.

*Pero también queremos hacer otras consideraciones. Somos muy críticos con lo sucedido con la "Feria del Libro". Ayer mismo supimos que el Gobierno municipal había asumido hace casi seis meses el compromiso de un convenio de 50.000 euros con la Federación de Librerías de Galicia y la semana pasada, a las puertas de que comience la "Feria del Libro", recibe la notificación de que no habrá tal convenio y de que el Ayuntamiento solo se compromete a asumir gastos menores por un importe total de 15.000, obligando a la Federación a renunciar a parte de su proyecto y a reorientar la programación. No entendemos, de verdad, este proceder y consideramos que el sector del libro merece otra consideración y merece mucha mayor atención, porque cultura es mucho más que promoción, es mucho más que fiestas, eventos y espectáculos. Por eso lamentamos también que estos sigan absorbiendo la mayoría de los recursos y que en la programación de las fiestas haya muy poca atención a la promoción de artistas y creadores locales.*

E unha última consideración. Nas baixas figura unha de 300.000 € no programa "Mover os baixos". Posiblemente este programa necesite dunha reorientación, pero seguimos considerando necesario desenvolver un programa que mobilice o gran número de baixos baleiros existentes na nosa cidade. De feito, no acordo de investidura subscrito entre os grupos municipais do PSdeG-PSOE e o BNG figura o compromiso de que na primeira metade de mandato estea en funcionamento a bolsa de baixos en alugueiro.

*Y una última consideración. En las bajas figura una de 300.000 € en el programa "Mover los bajos". Posiblemente este programa necesite de una reorientación, pero seguimos considerando necesario desarrollar un programa que movilice el gran número de bajos vacíos existentes en nuestra ciudad. De hecho, en el acuerdo de investidura suscrito entre los grupos municipales del PSdeG-PSOE y el BNG figura el compromiso de que en la primera mitad de mandato esté en funcionamiento a bolsa de bajos en alquiler.*

Conclúo xa con dúas últimas reflexións. O Goberno municipal comprometeuse a

*Concluyo ya con dos últimas reflexiones. El Gobierno municipal se comprometió a*

entregar un borrador dos orzamentos de 2024 no vindeiro mes de setembro para deseguido iniciar a negociación. O BNG comprométese a utilizar a posición decisiva que nos outorgou a cidadanía da Coruña para corrixir moitos dos aspectos que fundamentan as críticas que estamos facendo nesta intervención.

*entregar un borrador de los presupuestos de 2024 en el próximo mes de septiembre para en seguida iniciar la negociación. El BNG se compromete a utilizar la posición decisiva que nos otorgó la ciudadanía de A Coruña para corregir muchos de los aspectos que fundamentan las críticas que estamos haciendo en esta intervención.*

Polo demais, hai un sentir bastante xeralizado de que o Concello segue sumido nunha situación de certa parálise. Aprobáronse os acordos organizativos, vai aprobarse este modificativo dos orzamentos, pasaron as eleccións xerais. É hora xa, por tanto, de poñerse as pilas porque A Coruña non pode seguir agardando.

*Por lo demás, hay un sentir bastante generalizado de que el Ayuntamiento sigue sumido en una situación de cierta parálisis. Se aprobaron los acuerdos organizativos, va a aprobarse este modificativo de los presupuestos, pasaron las elecciones generales. Es hora ya, por tanto, de ponerse las pilas porque A Coruña no puede seguir esperando.*

En calquera caso, polas razóns que expresei ó comezo da intervención, o BNG vai votar a favor.

*En cualquier caso, por las razones que expresé al comienzo de la intervención, el BNG va a votar a favor.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera, grazas o Bloque Nacionalista Galego.

*Muchas gracias, señor Jorquera, gracias al Bloque Nacionalista Galego.*

Turno para o Partido Popular, señor Rodríguez.

*Turno para el Partido Popular, señor Rodríguez.*

**Señor Rodríguez Martínez**

***Señor Rodríguez Martínez***

Ben, bo día a todos.

*Bien, buenos días a todos.*

Día primeiro do segundo lagerato de Inés Rey, e comeza igual que o anterior, chegando in extremis, cando non tarde, ás necesidades da cidade. Por iso hoxe, a catro días do inicio das Festas de María Pita e un día despois de presentarse a súa programación, traen a este pleno o modificativo de crédito que deberá dotalas de orzamento suficiente para a súa contratación, polo que a súa aprobación definitiva chegará

*Día primero del segundo lagerato de Inés Rey, y comienza igual que el anterior, llegando in extremis, cuando no tarde, a las necesidades de la ciudad. Por eso hoy,a cuatro días del inicio de las Fiestas de María Pita y un día después de presentarse su programación, traen la este pleno el modificativo de crédito que deberá dotarlas de presupuesto suficiente para su contratación, por lo que su aprobación definitiva llegará prácticamente con las*

practicamente coas festas xa rematadas.

Esta situación podería entenderse, que non xustificarse, se tras as eleccións de maio fora necesario un traspaso de poderes, pero non é o caso. A cidade segue a estar, semella que desgobernada polos mesmos que xa o facían con anterioridade. É certo que xusto a Área de Cultura estivo orfa o pasado mandato ó asumila directamente a alcaldesa, pero incluso a persoa que entón era irresponsable é agora a responsable, o señor Castro, antes coordinador xeral, agora concelleiro, polo que non se entende que este asunto, que perfectamente podería ser tido tramitado en funcións, veña envolto nunha urxencia que non se xustifica pola súa natureza —sabido é por todos que as festas da cidade adoitan ter lugar no mes de agosto—, senón pola acreditada incapacidade deste goberno para desenvolver unha xestión minimamente eficiente e eficaz.

De entrada somos unha cidade sen orzamento porque así o quixo a alcaldesa, que renunciou a presentarse, que era unha proposta a pesares da súa promesa de facelo. Non ter orzamento é grave, é moi grave, se ben é verdade que tratándose dun goberno de Inés Rey é menos grave. Por que? Porque non son quen de executar os orzamentos e así o vén a demostrar novamente os datos de execución orzamentaria incorporados ó expediente. Os investimentos a data 20 de xullo apenas ascenden a 18 millóns de euros sobre un total de 84, un 21,7 %. É dicir, 66 millóns de euros, case un 80 % do orzamento sen executar. Pero o máis grave non é este dato, o verdadeiramente grave é que esta ridícula porcentaxe de execución é o mellor dato de toda a era Rey-Lage, quizais por aquelo de ser ano electoral.

Ímonos abster no modificativo. O BNG

*fiestas ya finalizadas.*

*Esta situación podría entenderse, que no justificarse, si tras las elecciones de mayo fuera necesario un traspaso de poder, pero no es el caso. La ciudad sigue estando, parece que desgobernada por los mismos que ya lo hacían con anterioridad. Es cierto que justo el Área de Cultura estuvo huérfana el pasado mandato al asumirla directamente la alcaldesa, pero incluso la persona que entonces era irresponsable es ahora la responsable, el señor Castro, antes coordinador general, ahora concejal, por lo que no se entiende que este asunto, que perfectamente podría haber sido tramitado en funciones, venga envuelto en una urgencia que no se justifica por su naturaleza —sabido es por todos que las fiestas de la ciudad suelen tener lugar en el mes de agosto—, sino por la acreditada incapacidad de este gobierno para desarrollar una gestión mínimamente eficiente y eficaz.*

*De entrada somos una ciudad sin presupuesto porque así lo quiso la alcaldesa, que renunció a presentarse, que era una propuesta a pesar de su promesa de hacerlo. No tener presupuesto es grave, es muy grave, si bien es verdad que tratándose de un gobierno de Inés Rey es menos grave ¿Por que? Porque no son capaces de ejecutar los presupuestos y así lo viene a demostrar nuevamente los datos de ejecución presupuestaria incorporados al expediente. Las inversiones a fecha 20 de julio apenas asciendan a 18 millones de euros sobre un total de 84, un 21,7 %. Es decir, 66 millones de euros, casi un 80 % del presupuesto sin ejecutar. Pero lo más grave no es este dato, lo verdaderamente grave es que este ridículo porcentaje de ejecución es el mejor dato de toda la era Rey-Lage, quizás por aquello de ser año electoral.*

*Nos vamos a abstener en el modificativo.*

xa anunciou o seu apoio e polo tanto está garantida a súa aprobación, mais si queremos deixar constancia de que de ser necesario anteporíamos o interese xeral da cidade ó noso posicionamento e teríamos salvado co noso voto favorable as festas de María Pita, pois non merecerían os coruñeses un castigo engadido ó de un bipartito que empezase este mandato como finalizou o anterior o pacto á coruñesa: roto e dividido. Xa o fixemos no anterior mandato e volveremos a facelo neste. Hoxe non será necesario, nun futuro, sen dúbida.

*El BNG ya anunció su apoyo y por lo tanto está garantizada su aprobación, pero sí queremos dejar constancia de que de ser necesario antepondríamos el interés general de la ciudad a nuestro posicionamiento y salvaríamos con nuestro voto favorable las fiestas de María Pita, pues no merecerían los coruñeses un castigo añadido al de un bipartito que empezara este mandato como finalizó el anterior el pacto a la coruñesa: roto y dividido. Ya lo hicimos en el anterior mandato y volveremos a hacerlo en este. Hoy no será necesario, en un futuro, sin duda.*

A nosa abstención, deixando ó marxe a cuestión relativa á modificación das asignacións ós grupos políticos, que foi negociada e acordada, débese principalmente a tres razóns. A primeira delas: as nosas dúbidas sobre a idoneidade dalgunha das partidas obxecto de baixa de crédito, como ocorre co medio millón que se deixará de transferir ó Consorcio de Turismo, aínda que teña remanente, cando por exemplo Alvedro segue a ser o único aeroporto galego que aínda non recuperou as cifras prepandemia e Air Europa vén de anunciar a perda dunha frecuencia diaria a Barajas, e máis aínda non se entende cando resulta que teñen vostedes de aquí ó final do ano unha previsión definitiva de ingresos que supera a dos gastos en 56 millóns de euros.

*Nuestra abstención, dejando al margen la cuestión relativa a la modificación de las asignaciones a los grupos políticos, que fue negociada y acordada, se debe principalmente a tres razones. La primera de ellas: nuestras dudas sobre la idoneidad de alguna de las partidas objeto de baja de crédito, como ocurre con el medio millón que se dejará de transferir al Consorcio de Turismo, aunque tenga remanente, cuando por ejemplo Alvedro sigue siendo el único aeropuerto gallego que aún no recuperó las cifras prepandemia y Air Europa acaba de anunciar la pérdida de una frecuencia diaria a Barajas, y más aún no se entiende cuando resulta que tienen ustedes de aquí al final del año una previsión definitiva de ingresos que supera la de los gastos en 56 millones de euros.*

En segundo lugar, pola escasa transparencia á hora de xustificar o destino deses máis de dous millóns de euros de suplemento destinado ó IMCE. Ata onte o único que sabiamos con certeza das festas era que logo de 25 anos Miguel Anxo Prado non dirixirá o "Salón Internacional do Comic" pola situación límite á que se chegou con este goberno e que non haberá convenio para celebrar a "Feira do Libro" que move ó redor de

*En segundo lugar, por la escasa transparencia a la hora de justificar el destino de esos más de dos millones de euros de suplemento destinado al IMCE. Hasta ayer lo único que sabíamos con certeza de las fiestas era que después de 25 años Miguel Anxo Prado no dirigirá el "Salón Internacional del Cómic" por la situación límite a la que se llegó con este gobierno y que no habrá convenio para celebrar la "Feria del Libro" que mueve*

150.000 visitantes ó ano. E por certo, señor Castro, vostede dirixe un área que se chama de Promoción. Pois chámeme raro, pero o mellor para a promoción das festas non é anunciar o programa a catro días do seu inicio. Non o digo eu, o dicen os propios sectores afectados.

*alrededor de 150.000 visitantes al año. Y por cierto, señor Castro, usted dirige un área que se llama de Promoción. Pues llámeme raro, pero lo mejor para la promoción de las fiestas no es anunciar el programa a cuatro días de su inicio. No lo digo yo, lo dicen los propios sectores afectados.*

E a terceira razón da nosa abstención é a seguinte. Miren, nós entendemos perfectamente que o BNG é o socio de goberno. Entendemos que vostedes e máis eles reeditasen unha maioría de perdedores que facilitou novamente a investidura da señora Rey. Por certo, señor Jorquera, deséxolle mellor sorte co actual pacto de investidura da que tivo coa anterior. Dígollo porque este goberno que vostede entregou a investidura —que tamén é certo que unha cousa é que a señora Pontón xa dixese na mesma noite electoral que non se facilitaría ningún goberno do PP e outra que para entregarlles o bastón de mando vostedes non lles teñan feito nin suar unha gota—, pero bueno lle dicía que este goberno que facilitaron en xuño é o mesmo ao que durante todo o mandato pasado acusaron reiteradamente de incumprir o pacto subscrito hai catro anos, pero ese pacto, en calquera caso, non debería facer esquecer ó Goberno que sentados enfronte de vostedes teñen ó partido máis votado e con maior representación nesta corporación e que está disposto a escoitarlles se teñen a ben facer o que non fixeron en todo o mandato anterior: dialogar con nós.

